

## Á Mesa da Comisión 2ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14 (doc. núm. 45111).

### Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa débese suprimir a expresión: “... tendo en conta as previsións do Plan MOVE e ...”

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

### Asinado dixitalmente por:

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2019 17:50:39**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2019 17:50:52**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **(10/PNC-003495) (43519)** sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que avance na tramitación do Vial 18, con consenso social, minimizando as afeccións á súa contorna e completando os movementos do enlace coa AP-9, así como que revise a viabilidade de retomar o proxecto de conexión entre a AP-9 e a N-550 que é un mellor acceso ao aeroporto de Alvedro”.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/03/2019 17:48:41**

**Martín Fernández Prado na data 28/03/2019 17:49:12**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jaime Castiñeira Broz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **(10/PNC-003463) (42995)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia para os efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito de tanteo e retracto.

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España que se forme despois das eleccións de abril de 2019 para que o mesmo introduza na normativa estatal a definición de vivenda baleira co obxectivo de que os concellos poidan establecer os recargos que a normativa autoriza no IBI de ditas vivendas.

No caso de que o Goberno central non teña previsto regular o concepto de vivenda baleira, a Xunta iniciará a modificación da Lei de Vivenda para definir dito concepto a través desta norma”.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/03/2019 17:57:58  
Nº Rexistro: 48285  
Data envío: 28/03/2019 17:57:58.035**

**Pedro Puy Fraga na data 28/03/2019 17:49:55**

**Jaime Castiñeira Broz na data 28/03/2019 17:50:22**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: PqM3wnyP1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, advertido erro no seu documento con número de Rexistro 48284, comunicalle a seguinte corrección:

Onde dí: (10/PNC-003495)(43519)  
Debe dicir: (10/PNC-003635) (45111)

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 28/03/2019 18:44:51**

**Martín Fernández Prado na data 28/03/2019 18:45:22**

